



ELOY ENCISO

“Sobre o proceso creativo de *Longa noite*: apuntamentos e derivas”

A COR DAS PALABRAS 2019

ENCON- TROS CON CINEASTAS

Venres 6
de decembro ás 11:30

Cinema NUMAX
Concepción Arenal, 9

Entrada gratuíta
até completar aforo

Reservas en
acordaspalabras@santiagodecompostela.gal

www.compostelacultura.org
CompostelaCapitalCultural
@CCultura

A partir de documentos, referentes visuais, materiais de rodaxe e escenas do propio filme, Eloy Enciso compartirá o proceso de creación de *Longa noite*, desde a escolla de textos até aspectos sonoros, pasando polo traballo cos actores. Un diálogo entre o cinema, o traballo artesán e as historias de disidencia que conforman o filme.



LONGA NOITE

Eloy Enciso, 2019

ESTREA EN NUMAX: 05.12.2019 | V.O. | TP

Longa noite (2019, 90')

Dirección: Eloy Enciso

Guión: Eloy Enciso (Diálogos baseados en textos de Max Aub, Luis Seoane, Alfonso Sastre, Ramón de Valenzuela, Marínhas del Valle, Rodolfo Fogwill, José María Aroca, Ángeles Malonda)

Elenco: Misha Bies Golas, Nuria Lestegás, Celsa Araújo, Verónica Quintela, Manuel Pumares, Suso Meilán

Son: Juan Carlos Blancas, Joaquín Pachón

Montaxe: Patricia Saramago

Dirección de arte: Melanía Freire

Fotografía: Mauro Herce

Produtoras: Filmika Galaika (España)

Distribuidora: NUMAX Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 1.78:1

Idioma orixinal: Galego

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2019 (Premio da Crítica Especializada a Mellor Dirección), Toronto2019, Nova York 2019, Sevilla 2019 (Sección Oficial), Mar del Plata 2019 (Mención Especial da Competencia “Estados Alterados”)

FILMOGRAFÍA

Longa noite, 2019

Arraianos, 2012

Pic-nic, 2008

SINOPSE

Durante a posguerra española, Anxo regresa ao seu pobo no interior de Galicia. Alí crúzase con outros personaxes, gañadores e vencidos dunha España dividida: unha viúva que non quere lembrar, un comerciante que emigra, un prisioneiro republicano que describe o seu calvario. A entrega dunha carta obriga a Anxo a cruzar a fronteira e adentrarse no longa noite franquista. As pantasma que todos crían esquecidas invaden o presente. Un retrato do impacto íntimo dunha guerra atravesado pola súa memoria literaria: Max Aub, Luis Seoane, Alfonso Sastre, Ramón de Valenzuela, Rodolfo Fogwill.

«Un monumento á memoria feita verbo. Un dos grandes títulos de 2019»

Fran Gayo, SOFILM



“Atopei máis luz sobre a situación actual nos textos dos 40 que na prensa ou os políticos de hoxe en día”

Entrevista con Eloy Enciso
Por Gustavo Beck

Longa noite explora os fundamentos políticos e sociais do fascismo. De onde xorde a idea de facer un filme sobre a posguerra española? Cando comecei o proxecto, cara a 2013-14, España atopábase baixo unha profunda crise económica e política. Eu mesmo pasaba por un mal momento, sen traballo. Esta situación era compartida en todo tipo de conversas: familiares que perderan os seus empregos, amigos que debían emigrar. Como pano de fondo os medios non paraban de sacar á luz casos de corrupción, ameazas coa prima de risco, o drama dos desafuzamentos... Empecei a interesarme, como persoa antes que como cineasta, nas razóns desta crise e especialmente no fracaso das institucións implicadas. Primeiro lin algúns libros sobre a Transición española, pero pronto me dei de conta de que canto máis viaxaba cara atrás no tempo, máis me interesaban as cousas que lía e máis me axudaban a entender o presente. Atopei especialmente significativos os anos da Guerra Civil, un período non tan ben coñecido pola miña xeración, que foi educada baixo o mantra do pacto social da Transición baseado na seguinte idea: “Se queremos avanzar non debemos remover o pasado”. Comecei entón a ler libros dos anos 30 e 40, especialmente memorias de galegos que fuxiron tras a Guerra Civil e tamén daqueles que, en Galicia e en España, decidiron permanecer no país. Gocei moito e, ao mesmo tempo, quedei abraiado ao detectar todas estas conexións interxeracionais. Estes textos de persoas xa falecidas botaban máis luz sobre a

actual realidade política e social que a prensa ou os políticos de hoxe en día.

Ao ver *Longa noite* non temos a sensación de que sexa unha película sobre o pasado, aínda que sucede durante os anos de posguerra. Esa é a idea. A medida que atopaba os diálogos e personaxes que vemos hoxe no filme —o comerciante liberal, a anciá sumisa da estación, o alcalde populista e outras historias de exilio, medo e represión—, sorprendíame o actual que soaba todo, coma se estivese a retratar o noso presente. A conexión entre a xeración dos meus avós e a miña propia foise revelando cada vez máis evidente. A película é un intento de relacionalos, pero non desde un interese histórico, non para mostrar aquilo que sucedeu, senón para analizar como sucedeu. Síntome próximo á idea de Jean-Marie Straub cando dicía: “Facer a revolución é volver colocar no seu sitio cousas moi antigas pero esquecidas”.

Como foi o traballo cos textos? Como escolmaches os fragmentos das obras e cartas que aparecen na película?

A miña primeira idea, do mesmo xeito que fixen con *Arraianos* (2012), a miña anterior película, era atopar un único texto que servise de base para todo o filme: un único corpo de texto que funcionase para construír a trama, os diálogos e o traballo cos actores. Pero axiña me decatei de que todo aquilo que se relacionaba con este período, xa fosen obras literarias ou memorias, estaba fragmentado froito dun longo período de dispersión e esquecemento. A memoria histórica e cultural da posguerra atópase repartida entre a diáspora, a memoria oral, as asociacións civís para a memoria histórica e os arquivos oficiais. Comecei coa literatura daqueles que marcharon ao exilio, pois eran os únicos que podían escribir e publicar libremente naquela época. Nese proceso atopei a maioría dos textos da primeira parte do filme: Max Aub, Luís Seoane e Ramón de Valenzuela. Ao mesmo tempo, era importante comprobar como aqueles que decidiran permanecer no país experimentaron a ditadura. Non a vida heroica dos guerrilleiros clandestinos ocultos nas montañas, senón o día a día silencioso dos perdedores da guerra que, aparentemente, se integraran na sociedade. A segunda parte constrúese con fragmentos das súas memorias. O terceiro capítulo baséase en cartas de prisioneiros da época, mulleres e homes que escribiron ás súas familias e ás institucións mentres



estaban presos. En canto á cuestión de como puxen en relación todo este material, teño que dicir que eu mesmo tiven que levar a cabo un complexo proceso de composición de múltiples visións e puntos de vista, polo que me pareceu o máis honesto non seguir unha estrutura unívoca e convencional da trama senón presentala como unha exploración nestes materiais. Desta maneira doulle ao espectador o dereito de tomar as súas propias conclusións, se o desexa.

Como foi o traballo cos actores non profesionais desde os primeiros ensaios ata a gravación? Estivemos a ensaiar durante meses, normalmente unha ou dúas veces por semana. Traballamos coas palabras e as ideas dunha maneira similar a como preparan os bailaríns as súas actuacións: repetir unha e outra vez os mesmos movementos para encarnalos durante a actuación. Coa automatización dos movementos, palabras, pausas e tons tentei crear un espazo no que os actores se sentisen libres, fosen eles mesmos. Pero isto non é posible sen ese proceso, ás veces arduo, de memorización. Paradoxalmente, ao distanciarse o actor do propio texto evita a tentación dunha dramatización psicolóxica do contido.

Publicado en mubi.com
Tradución: Xan Gómez Viñas



Cal é o ton que querías crear para a película e como o alcanzaches?

As miñas primeiras ideas e intuicións eran facer unha obra realmente escura, oposta ao que se adoita facer no cinema e a televisión. Comezar cunha narración máis convencional e, aos poucos, ir intensificándoa. O primeiro paso foi organizar o guión para que progresase desde o lóxica día-noite do primeiro capítulo, á sensación de noite sen final do segundo e terceiro acto. Despois, durante a investigación visual, lembro revisar xunto a Mauro Herce, o director de fotografía da película, algúns pintores románticos e tenebristas, películas de cinema negro clásico ou obras recentes de Pedro Costa e tamén a artistas contemporáneos como James Turrell ou Hiroshi Sugimoto. Todos eles interesábanos polo seu tratamento da noite e as atmosferas sombrías. Recordo que o traballo de Apichatpong Weerasethakul estivo tamén sobre a mesa pola súa habilidade para establecer unha relación moi especial entre a natureza e a experiencia humana, que era outra das nosas procuras.

Os libros de Eloy Enciso

San Juan / La gallina ciega / Laberinto mágico, Max Aub

Los girasoles ciegos, Alberto Méndez (Anagrama, 2019)

Se isto é un home, Primo Levi (Xerais, 2019)

El dolor, Marguerite Duras (Alianza, 2019)

Tiempo de silencio, Luis Martín-Santos (Seix Barral, 1999)

Campos de Níjar, Juan Goytisolo (Galaxia Gutenberg, 2015)

Un mirlo dorado, un ramo de flores..., Pedro Costa (Intermedio, 2011)

Escritos, Jean-Marie Straub & Danièle Huillet (Intermedio, 2011)

Memorias de un cineasta bolchevique, Dziga Vertov (Capitán Swing, 2011)

Pensar entre imáxenes, Jean-Luc Godard (Intermedio, 2010)

Escritos de técnica, poética y mística, José Val del Omar (Ediciones La Central, 2010)

Ningún lugar a donde ir, Jonas Mekas (Caja Negra, 2008)

Top 10 + 3 de Eloy Enciso

Dalla nube alla resistenza / Sicilia! (Jean-Marie Straub & Danièle Huillet)

No quardo da Vanda / Cavallo Dinheiro (Pedro Costa)

Tropical Malady / Blissfully Yours (Apichatpong Weerasethakul)

Historia de la noche (Geschichte der Nacht, Clemens Klopfenstein)

Zerkalo / Andrei Rublev (Andrei Tarkovski)

D'est / Toute une nuit (Chantal Akerman)

El sabor de las cerezas (Ta'm e guilass, Abbas Kiarostami)

Equí y n'otru tiempu (Ramón Lluis Bande)

Il posto (Ermanno Olmi)

Memorias del subdesarrollo (Tomás Gutiérrez Alea)

+

El evangelio según San Mateo (Il Vangelo secondo Matteo, Pier Paolo Pasolini)

La tempestaire / L'Atalante (Jean Epstein / Jean Vigo)

Trás-os-montes / Rosa de Areia (António Reis & Margarida Cordeiro)